

TORNEO F8 DO CAMIÑO



BIBERÓN / PREBENXAMÍN / BENXAMÍN / ALEVÍN / FEMININO
CAMPO GARCÍA CALVO / CESPED NATURAL



ADN COMPOSTELA



21/22 DE MAIO



CONCELLO DE
NEGREIRA



REAL FEDERACIÓN
GALEGA DE FÚTBOL



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

Todo sobre TORNEO F8 DO CAMIÑO

Dende a Sociedade Deportiva Compostela e a Asociación Deportiva Nicrariense , en colaboración co Concello de Negreira, queremos darvos a benvida a este primeiro **TORNEO DO CAMIÑO** que se celebrará no campo de céspede natural “*García Calvo*”. **AGRADECER** a vosa participación da que seguro disfrutarán tanto os xogadores/as, como os adestradores e pais/nais que participen no Torneo en un ambiente de fraternización entre todos os asistentes.

A **A.D.NICRARIENSE** e a **S.D. COMPOSTELA** seguen a facer unha aposta moi forte polo **DEPORTE DE BASE**, entendendo no mesmo, non solo a competición, senón por encima de todo un medio de educación e socialización dos nosos rapaces, aportando unha serie de valores co fin de fomentar o traballo en equipo e o Fair Play mediante a práctica do Fútbol. Algo que debe traducirse como o **ADN COMPOSTELA** das futuras xeracións de futbolistas.

A fiabilidade que A.D.N pon en que este tipo de eventos, así como a capacidade organizativa da SD COMPOSTELA, fai que esta sexa una cita ineludible para xogadores e aficionados do Fútbol Base, na que agardamos sexa de disfrute de todos e se poida seguir realizando todas as tempadas.





I. CATEGORÍAS DO TORNEO

Creemos importante englobar as categorías base de Fútbol 8, dende a categoría Biberón ata a categoría Alevín, tanto polo aprendizaxe deportivo como polo intercambio xeracional entre os rapaces asistentes.

Así, as categorías do TORNEO DO CAMIÑO dispoñeríanse da seguinte maneira:

SÁBADO 21 MAIO

- **ALEVÍN**
 - nados 2010-2011
- **BENXAMÍN**
 - nados 2012-2013

DOMINGO 22 MAIO

- **BIBERÓN**
 - nados 2016-2017
- **PREBENXAMÍN**
 - nados 2014-2015
- **FEMININO**
 - nadas 2008- ...



2. NÚMERO DE XOGADORES

Os equipos participantes poderán utilizar un total de **15 XOGADORES** dispoñibles no mesmo partido, dos que **8 XOGADORES** (porteiro incluído) disputarán o encontro. Non existirá límite de cambios, polo tanto un xogador substituído poderá voltar a participar no encontro.

Un equipo poderá començar o partido con 6 xogadores, pero si durante a disputa do partido quedara con menos xogadores, perdería o encontro polo resultado de 3-0, ou polo resultado que exista en ese momento se é beneficioso para o equipo contrario.





3. PARA PODER XOGAR OS PARTIDOS

Para a disputa dos encontros é indispensable otorgar a **RELACIÓN DOS XOGADORES cos seus dorsais correspondentes**; que se poderá enviar a organización, vía E-mail ó correo:

coordinador@adnicrariense.org
ou en papel impreso 15 minutos antes da disputa do primeiro partido.

Todo clube que participe no torneo deberá presentar as **LICENZAS FEDERATIVAS** correspondentes dos xogadores .

Ningún partido poderá començar se a organización non dispón da documentación especificada anteriormente, salvo autorización da organización xustificada por unha causa maior.



4. REGULAMENTO DO TORNEO

O TORNEO DO CAMIÑO rexirase polas **normas da FIFA e da RFEF**, para o **Fútbol 8** e que se veñen aplicando nas diferentes competicións oficiais.

Para a aplicación de ditas normas contaremos con **ÁRBITROS FEDERADOS** na Real Federación Galega de Fútbol e que serán a máxima autoridade no terreo de xogo.





5. BALÓNS COS QUE XOGAR

Todos os partidos xogaranse cos balóns oficiais de Federación Galega de fútbol para esta tempada 2021/2022, que son as seguintes:

- Prebenxamín : Talla 4.
- Benxamín: Talla 4.
- Alevín: Talla 4
- Biberón: Talla 3
- Feminino: Talla 5



6. EQUIPAMENTO

Todas as camisetas deberán estar **DOTADAS DE DORSAIS** e estes deben coincidir cos do impreso da relación de xogadores que os equipos enviaron a organización.

No caso de coincidir os uniformes dos equipos que disputen os partidos do Torneo, a organización proporcionará uns petos o equipo que xogue de visitante.





7. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Os equipos estarán divididos en **3 grupos de 4 equipos por grupo**, na que a primeira **FASE DE LIGA** resolverase polo sistema de **LIGA A UNHA VOLTA**. Da que a puntuación dependendo do resultado, será o seguinte:


PUNTUACION DOS PARTIDOS:

- Partido gañado : **3 puntos**
- Partido empatado: **1 punto**
- Partido perdido: **0 puntos.**

GRUPO A						
POS	EQUIPO	G	E	P	DIF	PTS
1	EQUIPO 1	3	0	0	+23	9
2	EQUIPO 2	1	1	1	-4	4
3	EQUIPO 3	1	0	2	-7	3
4	EQUIPO 4	0	1	2	-12	1

O finalizar esta fase de Liga, o **1º e 2º de cada grupo** clasifícanse para a disputa do **Título do Torneo**. Os **dous 3º mellor clasificados** da fase de grupos tamén se clasifican para cuartos de final da Copa. Estas fases resolverase polo sistema de eliminación directa (**FASE DE COPA**).

TORNEO DO CAMIÑO





8. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

1ºFASE DE GRUPOS (LIGA)

Para os terceiros mellores clasificados, así como en caso de empate a puntos na clasificación entre dous ou máis equipos, os criterios de clasificación serán os seguintes:

- 1º • Goal average xeral.
- 2º • Maior numero de goles marcados en todos os partidos da 1ºfase.
- 3º • Menor número de tarxetas recibidas durante a fase.
- 4º • Sorteio. Moeda.

FASE FINAL (COPA)

Os partidos que acaben con empate, decidírase por lanzamento de penaltis de acordo coas seguintes normas:

- 1º • Seran series de 3 lanzamentos.
- 2º • En caso de igualada logo dos lanzamentos, seguiríase con lanzamentos alternativos ata que exista o gañador.
- 3º • Para que un xogador poida repetir lanzamento terán que lanzar todos os seus compañeiros que non fosen expulsados no partido.





9. DURACIÓN DOS PARTIDO

Os partidos terán unha duración de **10 minutos en 2 tempos** durante o TORNEO.

Tanto durante a Fase de Liga como na Fase de $\frac{1}{4}$ de Copa nas eliminacións directas.

En **semifinais e finais** terán unha duración de **15 minutos en 2 tempos**.

Os colexiados do Torneo serán os encargados de levar o control do tempo. Podendo parar e reanudar cando estimen necesario.

Entre partido e partido haberá un *marxe de 5 minutos* no que o colexiado pode engadir o que estime oportuno según as circunstancias do partido.



10. PUNTUALIDADE PARA COMENZAR

Os horarios levaranse con rigoridade. Os equipos deberán estar preparados **5 minutos antes** de cada partido.

No caso de non presentado o equipo, o **resultado será de 3-0** a favor do equipo presentado.

A organización habilitará unha **ZONA DE QUECEMENTO**, para antes dos encontros e na que NON se proporcionará balóns para o mesmo.





II. RECLAMACIÓN E SANCIÓN

As protestas ou reclamacións deberán efectuarse por escrito ao delegado de campo situado na mesa do control do Torneo, 15 minutos despois da finalización do partido.

A organización non admitirá protestas derivadas das actuacións arbitrais. O xogador que fose expulsado por tarxeta vermella directa será castigado con un ou varios partidos.

Os **DELEGADOS** dos equipos serán os **responsables** da actitude e comportamento hacia compañeiros, adversarios, colexiados, material do Torneo, etc... En caso de producirse calquera deterioro ben sexa no banquillo, vestiario ou terreo de xogo, o delegado do equipo e a persoa que produza ditos deterioros farase responsable deles.





12. COBERTURA

Cada xogador ou xogadora deberá ter o seu propio seguro médico ou cobertura a través da mutualidade.

A organización deste evento deportivo non cubrirá os danos dos participantes que se produzan nas instalacións, dentro dos vestiarios, nas gradás, nin cos elementos fixos do terreo de xogo, mesas, sillas, porterías móbiles, etc...

A organización non se responsabiliza dos roubos de enseres persoais como dos destrozos dos mesmos. **Habilitarase** para cada clube unha **zona GARDAROUPA**, da que será **responsable O DELEGADO** de cada equipo.

A Asociación Deportiva Nicrariense sacará fotos e vídeos dos equipos participantes e do Torneo, para subir ás súas redes sociais oficiais.

Se algún pai/nai non quere que se suba a imaxe de seu fillo ás nosas redes sociais, deberán notificarlo con antelación á organización, enviando un email a: coordinador@adnicrariense.org





13. PROGRAMA DE XOGO E CALENDARIO.

A organización reservase o dereito de elaborar e facer cambios no programa dos partidos, tanto no que se refire a división dos grupos como aos horarios e campo de xogo.

A información dos cambios notificaráselles con antelación aos responsables dos equipos implicados.

Os resultados e enfrontamentos actualizáremolo nos Puntos de Información do Torneo.





14. TERREO DE XOGO E INSTALACIÓNS.

O Torneo disputarase no Campo Municipal de García Calvo (Negreira) de céspede natural.

<https://www.google.com/maps/dir/42.9144581,-8.7370547/@42.9175201,-8.7413606,217m/data=!3m1!1e3!5m1!1e4>





15. PREMIOS

CATEGORÍA ALEVIN:

- 1º CLASIFICADO
- 2º CLASIFICADO
- 3º CLASIFICADO
- 4ª CLASIFICADO

CATEGORÍA PREBENXAMÍN:

- 1º CLASIFICADO
- 2º CLASIFICADO
- 3º CLASIFICADO
- 4ª CLASIFICADO

CATEGORÍA BENXAMIN:

- 1º CLASIFICADO
- 2º CLASIFICADO
- 3º CLASIFICADO
- 4ª CLASIFICADO

CATEGORÍA BIBERÓN

- 1º CLASIFICADO
- 2º CLASIFICADO
- 3º CLASIFICADO
- 4ª CLASIFICADO



CATEGORÍA FEMININA

- 1º CLASIFICADO
- 2 CLASIFICADO
- 3º CLASIFICADO
- 4ª CLASIFICADO

Haberá uns pequenos agasallos para todos os participantes no torneo.



-RELACIÓN XOGADORES-

	DORSAL	NOME/APELIDOS	NACEMENTO	DNI
ADESTRADOR				
DELEGADO				

